

## Decreto de creación do Centro de Innovación Educativa e Dixital (CIEDix)

O Secretario Xeral de Educación presenta o novo centro (CIEDIX) sen dar máis información da súa futura estrutura e xustificando que esta se coñecerá nunha próxima orde.

A CIG-Ensino considera que a Consellaría xa sabe neste momento cal vai ser esa organización interna, cantos departamentos terá e cal vai ser o cadro de persoal necesario, polo que o normal sería presentalas conxuntamente. En todo caso, **queremos saber cal é a estrutura da que se ten pensado dotar ao centro e en que medida van afectar os cambios ao CAFI**, no sentido de que se lle retiran as funcións relacionadas cos proxectos de investigación.

- ★ Vai reducirse o número de persoas asesoras no CAFI?
- ★ Vai incorporarse parte do persoal asesor neste novo centro?
- ★ Cantos postos de traballo como persoal asesor se van incrementar coa creación do CIEDIX?

O CIEDIX créase como unha sorte de **“think tank” da Consellaría en materia de innovación educativa e dixital** e, desde esa perspectiva, preocúpanos que a

futura selección do persoal non responda a criterios pedagóxicos e de innovación educativa senón a afinidades ideolóxicas e partidarias.

Estamos en **desacordo co nomeamento a dedo da dirección mediante libre designación**. Estamos en contra deste sistema e cremos que, como acontece en todo o servizo de formación do profesorado, non sendo o CAFI, o posto da dirección debe dotarse mediante unha concurso de méritos.

É certo que o formato actual de selección non sempre garante que se seleccione ás mellores persoas e hai casos de CFR onde claramente se optou por persoas afíns e moi próximas a altos cargos da Consellaría ou do PP en vez de renovar a persoas con experiencia contrastada no propio posto. Con todo, **un concurso de méritos é sempre mellor opción ca libre designación**, porque nin sequera se exige e controla unha xustificación dos méritos alegados e a posibilidade de recurso se se produce unha actuación arbitraria ou unha desviación de poder como xa ten acontecido.

Solicitamos que se elimine do **artigo 7º** a **exixencia de ter destino definitivo** e propomos que se indique tan só que teña destino na Comunidade Autónoma. Pode haber especialidades nas que poida e queira optar profesorado con destino provisional e non se lle debe pechar a porta.

No **artigo 2º** propomos incluír as seguintes funcións:

- ★ Deseño de propostas de innovación e dixitalización orientadas á redución no ensino da fenda dixital no ámbito rural.
- ★ Elaboración de estratexias para a consolidación da lingua galega como lingua de interacción en proxectos dixitais no eido educativo.

### **Non hai innovación nin preocupación polo noso idioma na política educativa da Xunta.**

A situación de **emerxencia da lingua galega** precisa tamén de innovación e dunha actuación decidida por parte da Consellaría de Educación, que abandonou toda a súa responsabilidade na promoción e defensa da nosa lingua desde o decreto do plurilingüísmo, como

veñen de constatar todas as estatísticas e informes recentes, desde o IGE á RAG.

A escola non é o único ámbito no que se debe traballar para reverter a fractura que se está a producir coa mocidade na nosa lingua mais si é fundamental, comezando polo cambio de normativa e a promoción real da nosa lingua nas aulas para que o alumnado castelán falante adquira o mesmo nivel de competencia no idioma propio do país ao rematar o ensino obrigatorio, que é nin máis nin menos o que fixa a normativa actual e se incumpre escandalosamente, non só coa conivencia da Consellaría senón coa súa decidida implicación política.

## **OS NÓSOS LOCAIS**

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal